

## REFLEXIÓN SOBRE AS VINDEIRAS ELECCIÓN ESTATAIS



Perante as continuas manifestacións e invitacións cara apoiar determinadas candidaturas de “confluencia”, AER ten que manifestar que nós, como espazo municipalista, **non amosaremos apoio ou identificación con ningunha das plataformas emerxentes en Galiza ou no Estado Español.**

AER non é un partido, nin tampouco un grupo ideolóxico monolítico. Somos unha agrupación electoral “MUNICIPALISTA” e consecuentemente aquí cabemos tod@s. Dentro de AER existen moitas sensibilidades ideolóxicas. Pero somos quen de convivir nunha praxe cotiá que analiza, estuda, discute e decide; nun plano absolutamente horizontal para tomar as nosas decisións.

**AER expresa de xeito contundente a absoluta liberdade dos seus membros para apoiar a quen considere oportuno neses espazos de participación política máis alá do noso ámbito de participación; o municipalismo.**

**Grazas por todas cantas invitacións temos recibido ao respecto.** Pero só somos unha Agrupación de Electores de Redondela. E como tal non consideramos que poidamos, nin debamos, pronunciarnos respecto das inxerencias ou ideas daqueles que forman ou simpatizan con esta alternativa “MUNICIPALISTA” e tratar de influír na súa reflexión-decisión respecto das próximas eleccións estatais.

Visto o xeito no que se artellaron as dúas candidaturas "unitarias" en Galiza, unha en torno a un partido e outra en torno á coalición de tres, sería absurdo non comprender certas incompatibilidades entre o noso modo de ver a praxe política coa destas opcións partitocráticas.

Esperamos que para as vindeiras eleccións en Galiza sexa posible a unidade nunha candidatura galega única, de base cidadá e disposta a defender á xente a ao País.

P.D.- Con respecto á nosa experiencia en Redondela, nas pasadas eleccións municipais puidemos comprobar como naceron dous “espazos de confluencia” que falaban do “empoderamento cidadán” no noso concello. Espazos que a día de hoxe practicamente están desaparecidos e nos que moitos dos seus membros adicáronse e adícanse a intentar dinamitar esta Agrupación de Electores. Espazos que por defender unhas siglas de partido, evitaron que esta Agrupación obtivera uns mellores resultados dos que tivo, e ter máis forza para facer un goberno realmente alternativo. Sen esquecer que despois non dubidaron en criticar que deberíamos ternos posto a disposición dunha alternativa de ¿“esquerdas”? chamada PSOE.

Redondela, a 16 de novembro do 2015.